

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA CORPORACIÓN
CELEBRADA POLO PLENO O 9 DE XANEIRO DE 2021**

ASISTENTES:

PRESIDENTA

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS

- D. José Vázquez Rama (PP)
- D^a María del Carmen González García (PP)
- D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)
- D^a Caridad González Cerviño (PSOE)
- D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)
- D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)
- D. Ramón Lago Tajés (PSOE)
- D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)
- D. José Manuel Quintela Fernández, (CxG)
- D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)
- D^a María Lago Lestón (BNG)
- D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR


D. Fernando Vicente Abrales Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No salón de plenos da Casa consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ORDE DO DÍA

1º Ratificación da urxencia e da inclusión de asuntos na orde do día

Intervén a señora alcaldesa da corporación, María Inés Monteagudo Romero, que dá a benvida a todos os concelleiros de concelleiras da corporación e dá a felicitación polo ano novo. Di que a urxencia vén dada, no caso da Conta Xeral do exercicio 2019, aínda que este ano se fixo unha prórroga do prazo, tiña que estar rendida hai varios meses, polo que entende que había que facer a aprobación definitiva canto antes. Di que onte acabou o prazo de presentación de alegacións sen que se presentara ningunha e polo tanto quixeron traela ao Pleno canto antes; e en canto á urxencia da adhesión ao Convenio de colaboración para a xestión das multas COVID tamén había que facelo tamén canto antes, posto que o prazo de adhesión acabou no mes de decembro para adherirse a este convenio; aínda que se dou certa marxe para facer o acordo plenario que se require.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que non ten nada que dicir á urxencia.


Intervén polo grupo municipal de CxG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para preguntar por qué se convoca tan tarde xa que o día 4 de xaneiro xa tiñan acordado facer o pleno no día de hoxe. Contéstalle a señora alcaldesa de que a razón é que acabou onte o prazo de alegacións e non se pode convocar o Pleno antes de que remate o prazo.

Volve a intervenir a voceira do grupo municipal de CxG, dona María Xosé Alfonso Torres, que pregunta se non podía ser outro día, sen tanta urxencia, de xeito que tiveran a documentación con algo de tempo para mirala.

Intervén a señora alcaldesa, dona Inés Monteagudo Romero para dicir que a documentación do convenio mandouse onte e a da Conta Xeral xa estaba a disposición dos/as concelleiros/as, e vólvelle a dicir que o prazo para adherirse ao convenio rematou xa e que lles deron unha certa marxe para facer o acordo plenario cantos antes, e esa é a razón da urxencia.

Volve a intervenir a voceira do grupo municipal de CXG para dicir que eles pensan que se podía convocarse facelo por urxencia.

Rematadas as intervencións sobre a ratificación da urxencia e a inclusión de asuntos na orde do día é aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), e grupo municipal do BNG (2) e os votos en contra do grupo municipal CXG (3).



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2.-Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2019

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, para dicir que a Conta Xeral xa foi tratada nunha comisión informativa que se celebrou o 26 de novembro de 2020 e que foi ditaminada con carácter favorable. Someteuse á información pública no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro, e como indicou, acabaron onte os quince días máis oito de exposición pública sen que se presentaran alegacións. Di que non se podía facer a convocatoria ata que rematara o prazo e por iso se adiantou a documentación e se fixo hoxe a convocatoria.

Procede á lectura da proposta que se eleva ao Pleno da corporación e que foi ditaminada pola comisión informativa correspondente.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2019 formada pola Intervención foi sometida á informe da Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 26 de novembro de 2020.


Ditaminada con carácter favorable, someteuse á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 206 de 2 de decembro. O prazo de información pública e alegacións remata o 8 de xaneiro de 2021.

Deberá constar no expediente certificación e antes da aprobación polo Pleno, certificación da Secretaría Xeral, no que se acreditará que no período de exposición público, dende o 3 de decembro de 2020 ata o 8 de xaneiro de 2021, non se presentaron alegacións ou reclamacións á Conta Xeral do exercicio económico 2019.

Visto todo o anterior propónse ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMERO. *Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2019, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:*

Expresión	Importe €
Activo	24.333.698,45
Pasivo	24.333.698,45
Resultado corrente do exercicio (aforro)	169.341,59
Resultado orzamentario axustado	364.933,25



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>Remanente de Tesourería total</i>	1.013.395,30
<i>Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado</i>	79.135,73
<i>Remanente de Tesourería para gastos xerais</i>	724.003,74
<i>Aforro bruto</i>	529.518,93
<i>Aforro neto</i>	377.658,62

SEGUNDO. Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.”

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para indicar que non teñen nada que dicir.


Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que non teñen nada que obxectar ao traballo de Intervención.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que hai algunha cousa que si lles preocupa do que aparece reflectido nos informes de Intervención, pero non teñen máis que dicir.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4) e coa abstención do grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e o grupo municipal do BNG(2) adopta os seguintes acordos:

PRIMERO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2019, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

Expresión	Importe €
Activo	24.333.698,45
Pasivo	24.333.698,45
Resultado corrente do exercicio (aforro)	169.341,59
Resultado orzamentario axustado	364.933,25
Remanente de Tesourería total	1.013.395,30
Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado	79.135,73
Remanente de Tesourería para gastos xerais	724.003,74



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Aforro bruto	529.518,93
Aforro neto	377.658,62


SEGUNDO. Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

3.- Adhesión formal e expresa do convenio de colaboración á Vicepresidencia primeira e á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que este asunto que se trae ao pleno da corporación foi un pouco un despropósito. As propostas de sancións fóronse poñendo a partir do mes de xuño, que no caso do noso concello empezaron a chegar no mes de setembro, e houbo unha disposición xeral do estado que tiña a competencia e as propostas estiveron dun lado para outro. A Subdelegación mandounas aquí, despois mandáronse a Sanidade, despois Sanidadeolveunas mandar aquí, e nós volvémoslas mandar á Subdelegación e ninguén tiña moi claro de quen era a competencia para tramitar estas sancións. Finalmente asinou un convenio entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia, polo cal a Xunta de Galicia vai facer a tramitación do proceso, aínda que as resolucións saian do Concello. Ofrecéuselle aos concellos pequenos, como o noso, a posibilidade de adherirse a este convenio entre a FEGAMP e Vicepresidencia.

Segue a súa intervención para dicir que consta no expediente un certificado co número de actas de denuncias de sanción que hai ata o momento, que cre que son 62 na data de antonte e dá lectura á proposta que se eleva ao Pleno da corporación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS POLA LOITA CONTRA O COVID-19



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Consta no expediente convenio referido remitido pola FEGAMP o 20 de novembro de 2020 para o seu estudo e adhesión polo órgano competente (Expediente 881/2020 Gestiona).

Consta no expediente informe da Secretaría xeral que emite a seguinte proposta a esta Alcaldía:

"Polo tanto esta Secretaría propón, unha vez fiscalizado pola Intervención municipal e realizadas as actuacións previas oportunas por parte da Tesourería municipal, a adopción polo Pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros os seguintes acordos:

PRIMEIRO. A adhesión formal e expresa do convenio de colaboración a Vicepresidencia primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza, e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de Xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19.

SEGUNDO. Facultar á señora alcaldesa do Concello de Muros para a adhesión do convenio e para todas aquelas actuacións que sexan necesarias para a mellor execución do acordado.


TERCEIRO. Unha vez asinado o convenio entre as partes, deberase publicar no Boletín Oficial da Provincia de acordo co disposto no artigo 11.3 da Lei 40/2015".

Costa no expediente informe de Intervención municipal núm. 263/2020 do 01/12 sobre a adhesión ao convenio, así como a instrución da realización por parte do tesoureiro municipal das actuacións precisas ao que obriga o clausulado do convenio.

Consta no expediente resolución da Alcaldía do 11 de decembro de 2020 de solicitude de adhesión ao convenio referido.

Visto o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. A adhesión formal e expresa do convenio de colaboración a Vicepresidencia primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza, e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de Xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


SEGUNDO. *Facultar á señora alcaldesa do Concello de Muros para adhesión do convenio e para todas aquelas actuacións que sexan necesarias para a mellor execución do acordado.*

TERCEIRO. *Unha vez asinado o convenio entre as partes, deberase publicar no Boletín Oficial da Provincia de acordo co disposto no artigo 11.3 da Lei 40/2015”.*

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que lles parece moi ben que se utilicen estas ferramentas que pon a disposición a FEGAMP e a Xunta de Galicia para axudar aos concellos.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que no informe xurídico di que é competencia do Pleno a adhesión e segundo a documentación que lles enviaron onte ao mediodía, o prazo remataba o 15 de decembro para enviar o modelo que figura como anexo II, que segundo declara textualmente pon que é o órgano competente o que declara, que segundo o informe de Secretaría é o pleno da corporación, se solicitou con data tal a adhesión. Di que vai fóra de tempo, que o prazo rematou o día 15, e que a verdade é que se enviou un decreto de Alcaldía; pero segundo o informe xurídico, a competencia non é neste caso da Alcaldía, senón do Pleno, e reiteran a súa desconformidade á urxencia porque fóra de prazo xa se está, e era igual que fora hoxe ou fora o luns, o martes, o mércores ou calquera outro día, o sábado da semana que vén, daba igual. Di que o informe de Secretaría e de Intervención son do día 1 de decembro de 2020 e o decreto de Alcaldía é do día 11 de decembro de 2020. Insiste en que non sabe porqué se tarda tanto e se trae agora por urxencia, enviando a documentación o día anterior ao mediodía e a convocatoria media hora antes do pleno. Di que por outra banda a alcaldesa e o seu grupo eran os que dicían que as delegacións das xestións dos trámites non eran boas. De feito cando eles trouxeron a proposta de delegar a xestión das plusvalías na Deputación, botárono abaixo, e logo curiosamente trouxérono, e agora resulta que cando vostedes teñen un tesoureiro, que eles non tiñan, teñen persoal estable en Intervención e en Secretaría, que eles tardaron en telo, só na última época, agora resulta que si é necesario e bo que esta xestión a faga outras entidades e non o Concello, e polo tanto ven unha total falta de coherencia con respecto ao que comentaban anteriormente.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que a eles chegoulles a documentación onte a unha e media da tarde e estivérona mirando no tempo que tiveron. Di que hai varias dúbidas que lles xorden ao ver os dous informes, como dixo a voceira do grupo municipal CXG, os informes son do 1 de decembro e podíase ter enviado a documentación aínda que non fora coa convocatoria do Pleno, posto que xa estaba lista. Non teñen moito máis que dicir, que se fagan as cousas en tempo e dando marxe para poder facer tamén eles unha oposición



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

completa e non que se entregue a documentación un día antes do Pleno en temas tan importantes como son os que se traen hoxe.

Intervén a alcaldesa ,dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que é evidente que a tramitación das multas COVID non é unha xestión ordinaria que fixera nunca antes o concello; di que entende que a señora Alfonso teña que desculparse da súa xestión, pero non cre que veña a conto.


Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que só quere sinalar unha cousa e di que efectivamente seguro se puido traer con anterioridade e con máis prazo e di literalmente: *“Ter que oír do anterior grupo de goberno que se está fóra de prazo, hai que ter cara e sen mover un só músculo, porque aquí no Concello tense moitos problemas precisamente pola súa incompetencia e por deixar pasar todos os prazos, entre eles o de Espina e Delfín, que levan catro anos preguntando por iso, e que estamos metidos nun berenxensalen saber como saír por culpa da incompetencia desa señora que deixou pasar o prazo, e non só iso, senón tamén recordaremos todos cando preguntaba a Deputación que pasaba co Concello de Muros que deixaba pasar os prazos, e perdemos non sei cantas subvencións, e ten a santa jeta de dicir neste Pleno que pasaron dez días. Simplemente iso señora alcaldesa.”*

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que a señora alcaldesa non necesita defenderse, que xa ten quen a defenda, a súa socia do grupo de goberno. Nada máis.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4) e do grupo municipal socialista (4), o voto en contra de CxG (3) e a abstención do grupo municipal do BNG (2) adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. A adhesión formal e expresa do convenio de colaboración a Vicepresidencia primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza, e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de Xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19.

SEGUNDO. Facultar á señora alcaldesa do Concello de Muros para adhesión do convenio e para todas aquelas actuacións que sexan necesarias para a mellor execución do acordado.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TERCEIRO. Unha vez asinado o convenio entre as partes, deberase publicar no Boletín Oficial da Provincia de acordo co disposto no artigo 11.3 da Lei 40/2015”.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as dez horas e quince minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente